



Inauguración do belén de Begonte

O emblema do Nadal chairego abriu un ano máis, e xa van 46, as súas portas para acoller a todo aquel que desexe visitar o tradicional belén electrónico de Begonte, que estará aberto ata o 27 de xaneiro. O xornalista e director de Galicia Calidade, Alfonso Cabaleiro, foi o encargado de inaugurar co seu pregón esta cita, nunha misa cantada polo Orfeón Lucense

e tras a que se ofreceron os primeiros pases do mítico nacemento, que conta co recoñecemento de Festa de Interese Turístico Galego. Nesta edición, o belén inclúe dúas novas figuras: unha recreación dunha malla tradicional e un labrego axudando a apagar un incendio forestal, en solidariedade coa vaga de lumes que asolou Galicia no mes de outubro. O Nadal en Begonte contará tamén con outras actividades, como exposicións e varios certames. Fotos de **María Roca e Cristina Pérez**.

Eventos

